

Panorama da performance en Polonia (*sztuka performance*)

Artur Tajber

Non existe unha palabra para «arte de performance» en polaco. É máis, antes dos anos setenta unha tradución literal ao polaco da denominación arte de performance soaba sen sentido e artificial. Non obstante, usamos moitas palabras diferentes para espectáculo, presentación, concerto, xogo, actuación etc.; vocábulos que abranguen un campo artístico particular como pode ser a música, o teatro ou as artes visuais. A pesar deste baleiro na terminoloxía, foi relativamente doado para os artistas polacos adoptar a performance como unha práctica autónoma e entendela como un forte movemento artístico.

O primeiro *happening* de Tadeusz Kantor realizouse en 1964. Non obstante, sería o artista Zbigniew Warpechowski quen en 1967 —segundo as súas propias palabras— se definiu a si mesmo como un *performer*. Tamén, nese momento, o escultor Jerzy Beres¹ comeza a crear accións que el mesmo denomina manifestacións. Non obstante, *sztuka performance* como termo para definir a disciplina non foi amplamente utilizado ata a metade da década de 1970, concretamente, durante o primeiro festival de performance de Polonia: I AM Festival (International Artists Meeting²). Este encontro tivo lugar na galería Remont, nun momento en que críticos e teóricos da arte comezan a adoptar esta terminoloxía dentro das súas reflexións. Neste sentido, ademais da existencia deste festival, o papel de Cricot, Kantor e Warpechowski, todos participantes do grupo de Krakovia, non debe ser menosprezado.

Hoxe en día, as discusións que intentan situar a raíz da performance en Polonia céntranse na tese que establece os seus comezos no contexto xerado polo anteriormente nomeado I AM Festival³. Podería ser unha historia bonita, pero debemos recoñecer que foi inventada despois do festival e que foi promovida como resposta a algún interese particular. Moitos artistas xa usaran o termo performance — en polaco e en inglés— unha década antes do festival. Os festivais de Varsovia e de Lublin en 1978 tampouco contribuíron a que a práctica individual de artistas que facían performances nos anos sesenta e nos setenta experimentase un cambio ideolóxico. Este tipo de encontros cambiaron só as posibilidades do fenómeno e permitiron que a arte da performance se entendese como un sinónimo dun movemento artístico máis amplo, como un colectivo; como un signo dun cambio xeracional para os críticos de arte, os historiadores e a opinión pública.

Ao falar de performance en Polonia, síntome na obriga de mencionar algúns dos artistas que traballaban antes da metade da década de 1970 como, por exemplo, Zbigniew Makarewicz, artista situado en Wrocław que desenvolveu actividades próximas ao que poderíamos chamar *proto-happening*. Kazimierz Głaz e Michał Jędrzejewski levarían a cabo, na metade dos anos cincuenta, os teatros animados *sensibilitists* e *catastrophists*. Na primeira metade dos anos sesenta, Tadeusz Kantor,

¹Jerzy Beres colaborou con Cricot, Kantor e Warpechowski, todos membros do grupo de Krakovia (Grupa Krakowska).

²Tradúcese como «Reunión Internacional de Artistas».

³Como dato curioso, é interesante recordar que a escena artística polaca estaba realmente sorprendida pola cantidade de artistas descoñecidos que participaron no festival.

radicado en Krakovia, crea os seus primeiros *happenings* titulados *Cricotage* e *The Division Line*. Anos máis tarde, o propio Kantor presenta a performance titulada *A letter* na galería Foksal. Da mesma época é *Panoramic Sea Happenig*, realizado no Baltic Seashore. Sen afastarnos demasiado no tempo, Jerzy Berés propón as súas actividades de arte viva chamadas *Presumptions* en 1968. Xunto a Berzy, no principio e metade dos anos setenta, podemos recordar a obra de Ewa e Andrzej Partum, Marek Konieczny, Krzysztof Zarębski, Maria Pinińska-Bereś, Zbigniew Makarewicz, Przemysław Kwiek, Władysław Kaźmierczak e Artur Tajber, entre outros. Este colectivo de artistas adoitaba denominar as súas prácticas con termos como acción, actividade, presentación, manifestación etc.; para moitos deles — durante moito tempo— o termo en inglés *performance art* soaba pouco familiar, foráneo e mesmo pretencioso.

Gustaríanos destacar tamén un grupo que comezou a súa andaina nos anos sesenta con *happenings* e accións levadas a cabo por artistas profundamente enraizados en movementos de vangarda da primeira metade do século XX.⁴ Este colectivo de artistas, nados antes da segunda guerra mundial, tivo unha continuidade na primeira xeración de posguerra, xeración influenciada pola revolución hippy dos anos sesenta. Cara a finais dos anos setenta e principios dos oitenta, atopamos un conxunto de artistas desilusionados destas prácticas de posvangarda. Entre eles cabe mencionar a Piotr Grzybowski, Maciej Toporowicz (AVACS Group), Ewa Zarzycka, Jerzy Onuch, Grzegorz Kolwalski, Łukasz Skąpski, Zygmunt Piotrowski e Janusz Bałdyga. Neste momento, a sombra do réxime militar marcou a década de 1980. O público a miúdo era equiparado con algo ilegal ou inconformista. Calquera actividade artística autónoma era identificada coa política e co movemento anticomunista *underground* (e viceversa). A arte era insegura. Neste contexto, unha das máis visibles manifestacións de performance foi o grupo denominado Konger Formula. Este colectivo, en contra da restrición dos dereitos humanos, naceu en Krakovia en 1984 e formábano Władek Kaźmierczak, Artur Tajber, Marian Figiel e Marcin Krzyżanowski. Xunto a eles, Barbara Marón colaboraba como asistente técnica e fotógrafa das performances. Xa cara á metade dos anos oitenta descubrimos a seguinte xeración de artistas que traballan a performance dunha forma continuada. Os artistas máis representativos deste momento foron Paweł Kwaśniewski e Jerzy Truszkowski.

Cando a transformación do sistema político empeza, en 1989, a composición da escena artística polaca cambia tamén de xeito simultáneo. Por primeira vez na nosa historia de posguerra o noso país abre as súas fronteiras e os artistas polacos comezan a aprender como ser cidadáns do mundo globalizado.⁵ Ao principio dos anos noventa xurdiu un pequeno grupo de veteranos artistas da performance que se involucraban en tarefas curatoriais, organización de festivais internacionais e programas de

⁴Se repasamos a historia da performance en Polonia, darémonos de conta de que está estreitamente ligada ao calendario de cambios políticos e sociais do noso país. O primeiro gran cambio foi o período heroico coroado coa revolta de Solidarność, etapa que chegou á súa fin coa declaración da Lei marcial, o 13 de decembro de 1981.

⁵As xeracións máis novas xa comezaron as súas carreiras nun país relativamente libre e democrático e non herdaron a práctica das performances dos seus maiores. O proceso de sincronización co resto do globo comezaba e a terceira e a cuarta remesa de *performers* polacos fixaban os seus obxectivos nunha perspectiva moito máis internacional, cunha relación directa cara ás institucións e tendencias internacionais.

intercambio con outros países do mundo. Todas esas actividades foron apoiadas por institucións; por unha banda actuando baixo o auspicio de Polish Artists Union e, pola outra banda, recibindo o apoio da Administración do Estado e doutras iniciativas privadas. Ademais, existían actividades organizadas por asociacións locais ou círculos de artistas. Neste sentido, debemos recordar a Pryzmat Gallery, QQ Gallery, Fort Sztuki (Fort of Art) Association and Fort Sztuki Festival, Audio Art Festival, Cracow Meetings (todos de Krakovia); Baltic Gallery en Słupsk, Performance Polski Festival, Zamek Wyobraźni (Castle of Imagination en Słupsk, Ustka and Bytów); Wyspa Art Centre en Gdańsk, OFFicyna en Szczecin ou Ujazdowski Castle (CCA) en Varsovia. Non obstante, todas estas institucións financiaron prácticas de arte viva, ata certo punto.

Desde o final dos anos noventa o entusiasmo dos experimentos institucionais decrece e unha ambiciosa arte perde o apoio da Administración do Estado e o financiamento de institucións internacionais. Ao comezo dun conservador e neoliberal século XXI, os círculos de centro e dereita dominan a política do Estado polaco. Despois do ano 2000 a performance segue aínda na escena pero é desvalorizada nalgúns festivais periódicos, exposicións oportunistas e en pequenos enclaves sen categoría. Hoxe en día, temos soamente dous grandes festivais internacionais de performance: Interakcje en Piotrków Trybunalski e EPAF en Lublin. Dentro deste panorama, gustaríanos sinalar que unha das grandes metas alcanzadas nestes primeiros anos do século XXI foi a creación —por primeira vez na historia da universidade polaca— do Mestrado en Performance.⁶

Hoxe usamos a denominación arte de performance en moitos niveis de linguaxe e para certas prácticas artísticas. No discurso común o vocábulo pode utilizarse como analoxía do *happening* e implica unha extravagante provocación realizada con fins comerciais máis que unha arte propiamente dita. Entre as institucións culturais e os círculos artísticos esta palabra ten aínda connotacións ambiguas: algúns artistas famosos úsano como autorreclamo (neste sentido calquera «xesto» do artista pode chamarse performance). Pola contra, o termo tamén pode denotar un cisma, un grupo de artistas afeccionado ou un risco. Esta cultivada ambigüidade crea un terreo propicio para moitas vagas iniciativas e xogos irresponsables. Un bo exemplo diso foi a carísima e moi ben promovida exposición titulada Performer. Esta mostra foi organizada pola Zachęta National Gallery en Varsovia no ano 2009. A curadoría correu a cargo de Magda Kulesza, Jarosław Suchan e Hanna Wróblewska e a mostra concibiase como unha homenaxe a Jerzy Grotowski. A exposición non era máis que unha aleatoria selección de fotografías e de vídeos que convivían nun mesmo espazo: teatro de Grotowski, prácticas rituais tradicionais, performances de artistas renomeados⁷ e algúns exemplos informais do que podíamos chamar arte actual; todo iso sen ningún sentido e planeado de acordo con simplistas similitudes. Lamentablemente, este evento revela a ignorancia das institucións e dos profesionais da arte. Ao mesmo tempo, aumenta a necesidade de preguntar —unha vez máis— polo termo arte de performance no idioma polaco.

⁶Estes estudos sitúanse no Departamento de Arte Intermedia da Facultade de Belas Artes de Krakovia. Comezaron no ano 2007 e no 2010 tivemos o primeiro Grao en Performance. En 2008 puxemos en funcionamento o primeiro programa de doutoramento en performance e, este mesmo ano, comezou o primeiro curso do mestrado especializado en performance.

⁷Marina Abramovic, Vitto Acconci, Ana Mendieta, Zbigniew Warpechowski e outros moitos.

Kraków, xaneiro de 2011